



Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado de Educación e Universidade con data 05/09/2023 e que textualmente di:

“Informe proposta para a aprobación da convocatoria pública de axudas para transporte diario de estudantes universitarios/as de Ferrol ás facultades da Universidade da Coruña nos Campus da Coruña. Bono bus universitario curso académico 2023-2024.

O Excmo. Concello Pleno, en sesión celebrada o día 29/09/2022, aprobou as Bases das axudas para transporte diario de estudantes universitarios/as de Ferrol ás facultades da Universidade da Coruña nos Campus da Coruña. Bono bus universitario cursos académicos 2022-2023 e 2023-2024 e acordos complementarios.

As ditas bases foron publicadas o 5 de outubro de 2022 no BOP da Coruña nº 190.

O art. 23 da Lei Xeral de Subvencións establece que o procedemento de concesión das subvencións iníciase sempre de oficio, inicio que se levará a cabo cunha convocatoria polo órgano competente, a cal se publicará na BDNS, e un extracto da mesma no Boletín Oficial da Provincia. En todo caso a citada convocatoria deberá reflectir os contidos mínimos recollidos en dito precepto.

Por outra banda, e dende un punto de vista competencial, corresponde ó alcalde, ou -no seu defecto- ó titular da delegación da materia a aprobación da convocatoria, nos termos do art. 21.1s da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local.

En cumprimento do anterior propónse á concelleira delegada de Educación, Universidade e Política Lingüística a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria pública de **Axudas para transporte diario de estudantes universitarios/as de Ferrol ás facultades da Universidade da Coruña nos Campus da Coruña. Bono bus universitario curso académico 2023-2024**, de conformidade coas bases reguladoras aprobadas polo Pleno de 29 de setembro de 2022.

Segundo.- As axudas rexeranse polas ditas Bases publicadas no BOP núm 190 de data 5 de outubro de 2022.

https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2022/10/05/2022_0000006095.html

Terceiro.- Aprobar o gasto das axudas que se concederán na presente convocatoria que se efectuarán con cargo á aplicación orzamentaria 05003-3263-48000 por importe de 9.625,00 euros, correspondente ó 50% do gasto do transporte (50 euros bono/mes x 11 meses x 35 bolsas), de acordo co seguinte desglose:

Período setembro de 2023 a decembro de 2023: 3.500,00 euros

Período xaneiro de 2024 a xullo de 2024: 6.125,00 euros.

Cuarto.- O prazo de solicitudes será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no BOP e que se une como anexo a esta proposta.

Quinto.- Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se achega como anexo á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións(SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3b) e 20.8.a) da lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións.

ANEXO (en galego)

Convocatoria pública de axudas para transporte diario de estudantes universitarios/as de Ferrol ás facultades da Universidade da Coruña nos Campus da Coruña. Bono bus universitario curso académico 2023-2024.

Primeiro: Beneficiarios/as e réxime de concesión

Os/as beneficiarios/as desta axuda serán os/as estudantes veciños/as de Ferrol, que figuren matriculados/as na Universidade de A Coruña, nos campus de A Coruña, sempre que así o soliciten e figuren empadroados/as en Ferrol, **durante todo o curso académico** para o que soliciten a axuda, non superen os umbrais de renda que se establecen nas bases e cumpran as condicións da convocatoria e teñan ou cumpran os 21 anos de idade durante o curso (ou no seu defecto a idade máxima establecida pola Xunta de Galicia para a aplicación da tarxeta XENTE NOVA).

O réxime de concesión será de concorrencia non competitiva.

Segundo:Obxecto

As axudas para bono-bus universitario teñen como finalidade subvencionar o desprazamento diario, ida e volta no mesmo día, de 35 veciños/as do Concello de Ferrol, matriculados/as nas diferentes Escolas ou Facultades da Universidade da Coruña, nos Campus da Coruña que teñan ou cumpran os 21 anos de idade durante o curso (ou no seu defecto a idade máxima establecida pola Xunta de Galicia para a aplicación da tarxeta XENTE NOVA. Toda vez que a dita tarxeta implica a gratuidade do transporte público interurbano entre calquera punto de Galicia, as persoas que están no ámbito subxectivo da dita tarxeta quedan fóra do ámbito subxectivo das presentes axudas, xa que coa mesma os ditos desprazamentos son gratuítos).

Terceiro: Bases reguladoras

As axudas rexeranse polas bases específicas, que foron publicadas no **Boletín Oficial da Provincia número 190, do 5 de outubro de 2022.**

Cuarto: Contía

As axudas que se concederán na presente convocatoria se efectuarán con cargo á aplicación orzamentaria 05003-3263-48000 dos exercicios económicos 2023 e 2024, co seguinte desglose:

Período setembro de 2023 a decembro de 2023: 3.500,00 euros.

Período xaneiro de 2024 a xullo de 2024: 6.125,00 euros.

Quinto: Criterios de valoración.

O criterio de valoración será que a unidade familiar da persoa solicitante non supere os seguintes límites máximos de base imponible por unidade familiar:

Núm. de membros da unidade familiar	Límite máximo de base imponible por unidade familiar
1 ou 2	20.500,00 euros
3	22.500,00 euros
4	24.500,00 euros
5	26.500,00 euros
6	28.500,00 euros
7	30.500,00 euros
8	32.500,00 euros

Cando sexan dous irmáns os/as usuarios/as do bono bus, o/a primeiro/a deles/as terá dereito á bonificación, mentres que para o/a segundo/a outorgaráselle sempre que a base imponible por unidade familiar non supere os 35.500,00 euros.

No caso de familias que teñan tres ou máis fillos/as cursando estudos universitarios, todos/as aqueles/as que utilicen o bono bus terán dereito á bonificación, sempre que a base familiar non supere os 50.500,00 euros.

No suposto de que unha vez aplicado o anterior baremo ás solicitudes presentadas o número de bolsas asignadas non chegara a 35, concederanse as restantes ata chegar a este número por orde de menor a maior ingresos. En todo caso, non se concederá ningunha bolsa cando a base imponible da unidade familiar supere o dobre das cantidades indicadas no parágrafo primeiro.

No caso de que as condicións económicas varíen con respecto ao ano anterior ou de se producir casos extraordinarios dentro das unidades familiares, deberase informar destas circunstancias para o seu estudo e no seu caso valoración da procedencia do mantemento, concesión ou revogación da axuda do bono bus.

Sexto: Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles a contar do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Sétimo: Documentación a aportar polo/a solicitante.

Á solicitude, segundo modelo oficial facilitado polo Concello, deberá acompañarse de:

1. Fotocopia cotexada do DNI ou NIF do/a solicitante.
2. Fotocopia cotexada do resgardo de matrícula do curso correspondente á convocatoria do bono bus universitario, e da tarxeta de estudante.
3. Fotocopia cotexada da Declaración da Renda de tódolos membros da unidade familiar. No seu defecto, certificación de ingresos anuais da Seguridade Social

(no caso de pensionistas), ou do Servizo Público de Emprego-SPE (no caso de desempregados/as).

4. Declaración responsable de que os ingresos da unidade familiar no presente exercicio non se incrementaron respecto dos reflectidos na/s declaración/s da renda presentada/s. En caso contrario, acreditación dos ingresos reais do presente ano.
5. Declaración responsable de non recibir bolsa ou axuda para o mesmo concepto ou da súa percepción, no seu caso, con indicación da procedencia, concepto e contía.
6. Declaración responsable de estar ao corrente coas obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Concello), e coa Seguridade Social, así coma non ser debedor de obrigas por reintegro de subvencións.
7. Declaración responsable de non estar incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiario/a ou percibir axudas da Administración, previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións.

Autorización ao Concello de Ferrol para realizar as consultas necesarias do Padrón municipal co obxecto de verificar o requisito do empadronamento en calquera momento do curso académico.

Oitavo: Órganos competentes para a instrucción e resolución do procedemento.

A concelleira delegada de Educación, Universidade e Política Lingüística.

Noveno: Prazo de resolución; prazo de xustificación da subvención.

Prazo de resolución.- Tres meses a partir da data de solicitude.

Prazo de xustificación da subvención.- Ata o día 31/12/2023 o 50% do importe dos bonos de setembro a decembro de 2023 e ata o 31/07/2024 o 50 % dos bonos de xaneiro a xullo de 2024.

Décimo: Recursos.

Contra a concesión ou denegación das axudas reguladas nas presentes bases poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

ANEXO (en castellano)

Convocatoria pública de ayudas para transporte diario de estudiantes universitarios/as de Ferrol a las facultades de la Universidad de Coruña en los Campus de Coruña. Bono bus universitario curso académico 2023-2024.

Primero: Beneficiarios/as y régimen de concesión

Los/as beneficiarios/as de esta ayuda serán los/as estudiantes vecinos/as de Ferrol, que figuren matriculados/as en la Universidad de Coruña, en los campus de Coruña, siempre que así lo soliciten y figuren empadronados/as en Ferrol, **durante todo el curso académico** para el que soliciten la ayuda, no superen los umbrales de renta que se establecen en las bases y cumplan las condiciones de la convocatoria y tengan o cumplan los 21 años de edad durante el curso (o en su defecto la edad máxima establecida por la Xunta de Galicia para la aplicación de la tarjeta XENTE NOVA). El régimen de concesión será de concurrencia no competitiva.

Segundo: Objeto

Las ayudas para bono-bus universitario tienen como finalidad subvencionar el desplazamiento diario, ida y vuelta en el mismo día, de 35 vecinos/as del Ayuntamiento de Ferrol, matriculados/as en las diferentes Escuelas o Facultades de la Universidad de Coruña, en los Campus de Coruña que tengan o cumplan los 21 años de edad durante el curso (o en su defecto la edad máxima establecida por la Xunta de Galicia para la aplicación de la tarjeta XENTE NOVA. Toda vez que dicha tarjeta implica la gratuidad del transporte público interurbano entre cualquier punto de Galicia, las personas que están en el ámbito subjetivo de dicha tarjeta quedan fuera del ámbito subjetivo de las presentes ayudas, ya que con la misma dichos desplazamientos son gratuitos).

Tercero: Bases reguladoras

Las ayudas se regirán por las bases específicas, que fueron publicadas en el **Boletín Oficial de la Provincia número 190, del 5 de octubre de 2022.**

Cuarto: Cuantía

Las ayudas que se concederán en la presente convocatoria se efectuarán con cargo a la aplicación presupuestaria 05003-3263-48000 de los ejercicios económicos 2023 y 2024, con el siguiente desglose:

Período septiembre de 2023 a diciembre de 2023: 3.500,00 euros.

Período enero de 2024 a julio de 2024: 6.125,00 euros.

Quinto: Criterios de valoración.

El criterio de valoración será que la unidad familiar de la persona solicitante no supere los siguientes límites máximos de base imponible por unidad familiar:

Núm. de miembros de la unidad familiar	Límite máximo de base imponible por unidad familiar
1 o 2	20.500,00 euros
3	22.500,00 euros
4	24.500,00 euros
5	26.500,00 euros
6	28.500,00 euros
7	30.500,00 euros

Cuando sean dos hermanos los/as usuarios/as del bono bus, el/la primeiro/a de ellos/as tendrá derecho a la bonificación, mientras que para el/la segundo/a se le otorgará siempre que la base imponible por unidad familiar no supere los 35.500,00 euros.

En el caso de familias que tengan tres o más hijos/as cursando estudios universitarios, todos/as aquellos/as que utilicen el bono bus tendrán derecho a la bonificación, siempre que la base familiar no supere los 50.500,00 euros.

En el supuesto de que una vez aplicado el anterior baremo a las solicitudes presentadas el número de becas asignadas no llegara a 35, se concederán las restantes hasta llegar a este número por orden de menor a mayor ingresos. En todo caso, no se concederá ninguna beca cuando la base imponible de la unidad familiar supere el doble de las cantidades indicadas en el párrafo primero.

En el caso de que las condiciones económicas varíen con respecto al año anterior o de producirse casos extraordinarios dentro de las unidades familiares, se deberá informar de estas circunstancias para su estudio y en su caso valoración de la procedencia del mantenimiento, concesión o revocación de la ayuda del bono bus.

Sexto: Plazo de presentación de solicitudes.

El plazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles a contar del día siguiente al de la publicación de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia.

Séptimo: Documentación a aportar por el/a solicitante.

A la solicitud, según el modelo oficial facilitado por el Concello, se deberá acompañar de:

1. Fotocopia cotejada del DNI o NIF del/a solicitante.
2. Fotocopia cotejada del resguardo de matrícula del curso correspondiente a la convocatoria del bono bus universitario, y de la tarjeta de estudiante.
3. Fotocopia cotejada de la Declaración de la Renta de todos los miembros de la unidad familiar. En su defecto, certificación de ingresos anuales de la Seguridad Social (en el caso de pensionistas), o del Servizo Público de Empleo-SPE (en el caso de desempleados/as).
4. Declaración responsable de que los ingresos de la unidad familiar en el presente ejercicio no se incrementaron respecto de los reflejados en la/s declaración/s de la renta presentada/s. En caso contrario, acreditación de los ingresos reales del presente año.
5. Declaración responsable de no recibir beca o ayuda para el mismo concepto o de su percepción, en su caso, con indicación de la procedencia, concepto y cuantía.
6. Declaración responsable de estar al corriente con las obligaciones tributarias (Estado, Comunidad Autónoma y Concello), y con la Seguridad Social, así como no ser deudor de obligaciones por reintegro de subvenciones.
7. Declaración responsable de no estar incurso en las causas de incompatibilidad o incapacidad para ser beneficiario/a o percibir ayudas de la Administración,

previstas en el art. 13 da Ley 38/2003, de 17 de noviembre General de Subvenciones.

Autorización al Concello de Ferrol para realizar las consultas necesarias del Padrón municipal con el objeto de verificar el requisito del empadronamiento en cualquier momento del curso académico.

Octavo: Órganos competentes para la instrucción y resolución del procedimiento.

La concejala delegada de Educación, Universidad y Política Lingüística.

Noveno: Plazo de resolución; plazo de justificación de la subvención.

Plazo de resolución.- Tres meses a partir de la fecha de solicitud.

Plazo de justificación de la subvención.- Hasta el día 31/12/2023 el 50% del importe de los bonos de septiembre a diciembre de 2023 y hasta el 31/07/2024 el 50 % de los bonos de enero a julio de 2024.

Décimo: Recursos.

Contra la concesión o denegación de las ayudas reguladas en las presentes bases podrá interponer el recurso potestativo de reposición ante el órgano que la dictó dentro del plazo de un mes contado a partir del día siguiente al de su notificación, de conformidad con lo dispuesto en los artículos 123 y 124 de la Ley 39/2015, del 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las Administraciones Públicas. Todo esto, sin perjuicio de la posibilidad de interponer directamente el recurso contencioso administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso Administrativo, dentro del plazo de dos meses contados a partir del día siguiente al de la notificación de esta resolución y en la forma prevista en el artículo 46 de la Ley 29/1998, del 13 de junio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998)".

DECRETO.- Examinei a anterior proposta e apróboa nos seus propios termos.

Así o manda e asina a concelleira delegada de Educación, Universidade e Política Lingüística o día que figura na sinatura dixital.

A concelleira delegada de Educación,
Universidade e Política Lingüística,
(PD da Alcaldía de data 19/06/2023)
(BOP do 27/06/2023)

Ante min
O secretario xeral